



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Aprobación inicial de modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal núm 9. Reguladora da prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos do Concello de Santa Comba

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Santa Comba, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2024, acordou a aprobación provisional de modificación e redacción íntegra da **ORDENANZA FISCAL NÚM 9. REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE SANTA COMBA**, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, e no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local, se somete o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para que poida ser examinado nas oficinas municipais e se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcurrido dito prazo non se houberen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

En Santa Comba a 25 de novembro de 2024.

O Alcalde,

Alberto Romar Landeira

2024/8446